



## **Convocatoria do 1 de xullo de 2024, da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee de persoal dispoñible para a cobertura de necesidades de persoal médico de familia nos puntos de atención continuada da Area Sanitaria da Coruña e Cee**

Na Área Sanitaria da Coruña e Cee están a darse excepcionais dificultades de cobertura de determinados Puntos de Atención Continuada nos que existe indispoñibilidade de profesionais nas listas de contratación de persoal médico de atención primaria, dificultando a cobertura das ausencias e, tendo en conta ademais que a maioría do persoal médico que presta servizos actualmente nos PACs ven realizando un número elevado de horas mensuais.

Tendo en conta o exposto, como medida extraordinaria que permita cubrir a asistencia sanitaria na atención primaria da Área Sanitaria da Coruña e Cee e remunerar a maior colaboración do persoal nestas circunstancias, publícase a convocatoria do programa específico, aberto e voluntario, dirixido a permitir á Xerencia desta Área Sanitaria contar cun colectivo de persoal médico, en réxime de localización, co obxecto de preservar a atención médica nos puntos de atención continuada. A dispoñibilidade deste persoal será de ata sete días ao mes. As datas concretas de localización determinaranse por acordo e coordinaranse coa actividade ordinaria do/a profesional participante.

Polo tanto, en virtude das competencias atribuídas no Decreto 145/2024, de 20 de maio (DOG núm. 101, do 27 de maio), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, no Decreto 134/2019, de 10 de outubro (DOG nº 204, de 25 de outubro), polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema Público de Saúde de Galicia, e de acordo co establecido na Orde do 22 de abril de 2020 (DOG núm. 82, do 29 de abril), de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, a Xerencia de Área Sanitaria da Coruña e Cee,

### **RESOLVE**

Convocar unha listaxe aberta e de participación voluntaria para a cobertura de postos de médico/a de familia en PAC na Área Sanitaria da Coruña e Cee.

As bases que rexerán esta convocatoria figuran no Anexo I, as instrucións para cubrir o modelo de solicitude de participación no Anexo II e a listaxe dos puntos de atención continuada nos que os profesionais voluntarios poden prestar servizos no Anexo III.

Contra a presente Resolución, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, nos termos dos artigos 121 e 122 da Lei 59/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, 1 de xullo de 2024

Asinado dixitalmente na Coruña,

Luis Verde Remeseiro

Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee

**Área Sanitaria da Coruña e Cee**

<https://xxicoruna.sergas.gal>

Tel. 981 17 00 00

As Xubias de Arriba, n.º84

15006 – A Coruña



## ANEXO I

### BASES REGULADORAS DE LISTA PARA A COBERTURA DE POSTOS DE MÉDICOS/AS DE FAMILIA EN PAC NA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

#### Primeira.- Ámbito de aplicación.

A convocatoria vai dirixida a persoal fixo ou temporal da Área Sanitaria da Coruña e Cee e doutras Áreas Sanitarias ou entidades adscritas ao Servizo Galego de Saúde que opte por participar na lista para cobertura de postos PAC e que cumpra os requisitos de titulación indicados na base terceira ou estea en condicións de obter a titulación mediante homologación en trámite.

#### Segunda.- Funcionamento.

A lista é voluntaria e con prazo aberto, e ten como obxectivo que o persoal inscrito sexa requirido para a cobertura de quendas nos PAC das localidades incluídas no ámbito da área sanitaria da Coruña e Cee.

O número de persoal dispoñible determinarase en función das solicitudes presentadas e no caso de superar as candidaturas as posibilidades de cobertura, terá preferencia na listaxe o persoal da área sanitaria da Coruña e Cee.

As persoas incluídas na listaxe estarán dispoñibles de forma rotatoria nas quendas que se establezan, para ser chamados no caso necesario nun máximo de 7 días cada mes en horarios de quendas coincidentes cos horarios de PAC.

A Xerencia determinará para cada mes o número concreto de profesionais que estará dispoñible, atendendo á previsión de necesidades que se efectúe, con notificación individual.

As datas de dispoñibilidade serán determinadas por cada profesional inscrito/a nesta listaxe. A estes efectos, elaborárase un cuadrante mensual co obxectivo de que os/as profesionais coñezan con antelación suficiente os días nos que poderán ser chamados/as, sen prexuízo das adaptacións que se poidan facer por necesidades do servizo e de acordo cos/coas profesionais dispoñibles.

A designación dos/das profesionais incluídos/as na listaxe que estean dispoñibles en cada día de cada mes e os chamamentos destes levaranse a cabo dende a dirección que a xerencia determine con criterios obxectivos, equitativos e co acordo dos/das profesionais voluntarios/as, garantindo que todos/as poidan participar en condicións de igualdade neste programa e de forma que sexa compatible co horario ordinario do persoal. No caso de haber máis solicitudes de cobertura que ocos necesarios, trala prioridade do persoal da área, o desempate farase por sorteo.

#### Terceira.- Requisitos.

Requirirase estar en posesión do título de médico/a especialista en Medicina Familiar e Comunitaria ou ben a certificación habilitadora prevista no artigo 3 do Real decreto 853/1993, do 4 de xuño ou ben en trámite de homologación.

#### Cuarta.- Solicitudes.

As persoas interesadas en participar na convocatoria deberán presentar solicitude segundo o modelo de instancia habilitado para tal efecto no aplicativo FIDES/expedient-e, no apartado selección





temporal e tal e como se recolle no Anexo II desta convocatoria. E tamén poden dirixirse directamente ao correo electrónico que figura na base undécima.

No momento de completar a súa solicitude para a inclusión nesta listaxe, o/a profesional indicará a súa dispoñibilidade mensual, que poderá ser de tres, catro, cinco, seis ou sete días ao mes. O/A profesional poderá modificar mensualmente dita dispoñibilidade a través do seu formulario de inscrición.

#### **Quinta.- Prazo de presentación de solicitudes.**

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días naturais, contados a partir da publicación da presente convocatoria.

Así mesmo a apertura da convocatoria será obxecto de difusión interna mediante o correo electrónico corporativo e por todos aqueles medios que se considere pertinente.

Transcorrido o prazo inicial, e sen prexuízo da inmediata posta en marcha do programa, manterase aberta a convocatoria, para o seu funcionamento de forma dinámica, aos efectos de que calquera profesional interesado que cumpra os requisitos poida sumarse ao programa.

#### **Sexta.- Activación do persoal.**

O persoal incluído na listaxe terá a obriga de estar en activo, dispoñible, localizado, en expectativa de chamada e de dar resposta ao sistema de chamamento realizado pola Area Sanitaria, así como á prestación do servizo requirido salvo supostos de forza maior.

Darase de baixa temporalmente na listaxe ao persoal no caso de vacacións, permisos e cando non estean en activo, mentres se dean estas circunstancias. Así mesmo, o persoal poderá darse de baixa voluntariamente en calquera momento, de forma temporal para algún mes concreto, ou de forma definitiva. A renuncia non poderá afectar a un mes no que xa estea o/a profesional designado/a.

#### **Sétima.- Indispoñibilidade.**

De non alcanzarse o número suficiente de profesionais para a cobertura das necesidades do servizo, ou en caso de baixas que non poidan ser cubertas internamente por unha nova convocatoria, o SERGAS poderá acudir a outros medios para a cobertura das necesidades, incluíndo o recurso a outro persoal da administración pública autonómica.

#### **Oitava.- Remuneración económica.**

Para o persoal con vinculo fixo ou temporal co Servizo Galego de Saúde ou entidades adscritas, aboarase mensualmente en concepto de dispoñibilidade 230 euros brutos por día, sendo obrigatoria unha dispoñibilidade mínima de tres días ao mes, de forma que se poderán chegar a percibir 1.610 euros brutos mensuais de optarse pola dispoñibilidade máxima de 7 días.

Esta retribución será en todo caso independente do número de chamamentos efectivamente realizados, nas condicións establecidas neste programa.

Ademais do aboamento da dispoñibilidade, no caso de que se produzan chamamentos efectivos de prestación de servizos de cobertura de postos nos PAC, este persoal, percibirá, ademais da contía correspondente a unha garda ordinaria, as contías adicionais de 70 euros para a xornada de 7





horas, 170 euros no caso da garda de 17 horas e 240 euros na garda de 24 horas, de forma que o importe total resultante será o que se recolle no cadro seguinte:

	7 horas	17 horas	24 horas
<b>Garda ordinaria</b>	196,00	476,00	720,00
<b>Adicional garda Pac</b>	70,00	170,00	240,00
<b>Subtotal garda + adicional</b>	266,00	646,00	960,00

As contías que se abonen con cargo ao presente programa especial imputaranse ao subconcepto 153.04 "Complemento de Produtividade Factor Variable, Programas Especiais", conforme ás dotacións orzamentarias existentes na devandita epígrafe no presuposto de gastos do centro de xestión afectado. Para o cobro do complemento previsto neste programa deberase estar en activo durante o mes no que se sexa designado e cumpra os demais requisitos do programa.

#### **Novena.- Puntuación adicional por dispoñibilidade.**

Promoverase que nos procesos selectivos e de provisión de persoal estatutario da categoría de médico/a de familia convocados polo Servizo Galego de Saúde con posterioridade á entrada en vigor deste programa, se asigne unha puntuación adicional pola dispoñibilidade na listaxe específica de persoal voluntario das distintas categorías estatutarias que participen nel.

Así mesmo, a efectos do cómputo para o cumprimento dos obxectivos da área, grado IV da carreira profesional, relativos a implicación e compromiso coa organización, asignaráselle 0,20 puntos/mes ao persoal médico de familia con dispoñibilidade efectiva na realización de gardas e prolongacións, así como con dispoñibilidade para a realización de actividade adicional derivada da dificultade de cobertura por indispoñibilidade de aspirantes nas listaxes de contratación vixentes.

#### **Décima.- Duración do programa.**

A aplicación deste programa de medidas extraordinarias terá unha duración entre o 1 de xullo e o 15 de setembro de 2024, podendo ser prorrogado no caso de ser necesario.

#### **Undécima.- Datos de contacto e información.**

Co obxecto de resolver posibles dúbidas, habilítanse os seguintes teléfonos e direccións de correo electrónico:

- Dirección de Recursos Humanos da Área Sanitaria da Coruña e Cee.  
Teléfono: 981178060

Correo: [direccion.RRHH.XXIAC@sergas.es](mailto:direccion.RRHH.XXIAC@sergas.es)





## ANEXO II

### INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR O FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN

As persoas interesadas en participar deberán declarar no formulario electrónico que reúnen todos os requisitos de participación. Ao formulario electrónico de inscrición accederase a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)) no apartado Fides/Expedient-e/Procesos/Selección Temporal.

Débese escoller a categoría médico/a de familia-gardas localizadas. En pago de taxas, debe escoller a opción "non aplica". No lugar habilitado ao efecto, poderase marcar o número de días ao mes para os que manifesta dispoñibilidade para a realización de gardas localizadas.

Débese dirixir a solicitude preferiblemente á unidade de validación da Coruña.





### ANEXO III

#### PUNTOS DE ATENCIÓN CONTINUADA NOS QUE OS/AS PROFESIONAIS VOLUNTARIOS/AS PODEN PRESTAR SERVIZOS

Todos os Pac da Área Sanitaria da Coruña e Cee:

- PAC A CORUÑA
- PAC A LARACHA
- PAC ARTEIXO
- PAC BETANZOS
- PAC CAMBRE
- PAC CARBALLO
- PAC CEE
- PAC CULLEREDO
- PAC CURTIS
- PAC OLEIROS
- PAC PONTECESO
- PAC SADA
- PAC VIMIANZO

